

# Campaña de vacinación antigripal 2020

Informe



Informe final, xuño 2021

Edita: Xunta de Galicia  
Consellería de Sanidade  
Dirección Xeral de Saúde Pública

Data da edición: 2021

## Sumario

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. OBXECTIVOS DA CAMPAÑA.....	4
3. POBOACIÓN DIANA.....	4
4. AVALIACIÓN DA CAMPAÑA SEGUNDO OS OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PROPOSTOS. COBERTURAS.....	6
4.1 Vacinación en persoas de 65 ou máis anos.....	7
4.1.1 Por subgrupos de idade.....	8
4.1.2 Por provincias.....	9
4.1.3 Por área sanitaria.....	10
4.2 Vacinación nas mulleres embarazadas.....	12
4.3 Vacinación dos traballadores sanitarios do Sergas. Coberturas do persoal médico e de enfermaría.....	12
5. RENUNCIAS.....	21
6. AVALIACIÓN DOS OBXECTIVOS DE XESTIÓN.....	23
7. CONCLUSIÓNS.....	27
8. ANEXOS.....	30

## 1. INTRODUCCIÓN

A gripe é unha enfermidade transmisible que pode previrse. Pode cursar de forma leve, presentarse cun cadro grave ou ser incluso mortal, sobre todo en persoas de risco. Por iso, dende 1991, a Consellería de Sanidade realiza a campaña de vacinación antigripal cada outono, a través da Dirección Xeral de Saúde Pública e do Servizo Galego de Saúde.

A vacina demostrouse segura e eficaz para diminuír o número de complicacións desta enfermidade, o cal, este ano, coa convivencia co SARS-CoV-2, adquire unha maior relevancia se cabe, xa que debemos coidar o sistema sanitario para que teña a capacidade de asumir a atención aos pacientes que presenten calquera destas enfermidades axudando a diminuír o número de mortes, ingresos e enfermos.

O obxectivo principal da campaña é minimizar o impacto da gripe na saúde mediante a súa prevención a través da oferta gratuíta da vacinación ás persoas de risco. A campaña estaba programada entre o 13 de outubro e o 31 de decembro, manténdose a oferta de vacinar o persoal sanitario dos centros sanitarios públicos e privados unha semana antes que a poboación xeral. Finalmente ampliouse ata as 16 semanas de duración e finalizou o 31 de xaneiro.

Este ano a loxística da campaña resultou máis complexa debido as restricións impostas pola COVID-19 e a que dispuxemos de 4 vacinas distintas. As vacinas coas que se vacinou a poboación foron as seguintes:

- Unha vacina tetravalente de alta carga: Fluzone HD®, que ten unha maior inmunoxenicidade para todas as persoas de 65 ou máis anos ingresadas en residencias da terceira idade.
- Unha vacina trivalente adxuvada, Chiromas®, destinada ao resto das persoas de 65 ou máis anos, non ingresadas en residencias.
- Dúas vacinas tetravalentes no resto da poboación (menores de 65 anos, a partir dos 2 anos, usouse Influvac Tetra® ou Vaxigrip Tetra® en todos aqueles maiores de 6 meses).

A principal novidade foi a vacinación en puérperas nos 6 primeiros meses tras o parto.

Este ano mantivéronse iniciativas como a ampla difusión da campaña, facilitando a súa visibilidade a través de cartelería, mupis, etc. Por outra parte, entregáronse chapas para facer visible o compromiso dos profesionais sanitarios vacinados. Ademais, entregáronse máscaras hixiénicas co logotipo da campaña.

## 2. OBXECTIVOS DA CAMPAÑA

Os obxectivos que se pretendían alcanzar nesta campaña de vacinación detállanse a continuación:

### Obxectivo xeral

Diminuír o número e a gravidade das complicacións derivadas do padecemento da gripe e minimizar o impacto na saúde mediante a prevención.

### Obxectivos específicos

- Conseguir unha cobertura vacinal na poboación de 65 ou máis anos igual ou superior ao 75 %.
- Conseguir unha cobertura nos traballadores sanitarios do Servizo Galego de Saúde superior ao 75 %.
- Conseguir unha cobertura nas mulleres embarazadas e persoas con condicións de risco superior ao 60 %.

### Obxectivos de xestión

- Conseguir que a porcentaxe de doses recollidas ao remate da campaña sexa menor dun 5 % das doses subministradas aos centros.
- Conseguir que a relación entre as doses rexistradas e utilizadas sexa de máis do 97 %.

## 3. POBOACIÓN DIANA

### 1. Persoas con risco de complicacións

- Persoas de 60 ou mais anos, realizando especial fincapé a partir dos 65 anos.
- Persoas institucionalizadas de maneira prolongada (residencias de persoas maiores e outros centros de atención a crónicos).
- Persoas de calquera idade (6 meses - 60 anos) que teñan maior risco de complicacións derivadas da gripe.
  - Nenos de entre 6 meses e 2 anos de idade que nacesen prematuros (<32 semanas de xestación).
  - Nenos e adolescentes (de 6 meses a 18 anos) que reciben tratamentos prolongados de ácido acetilsalicílico, pola posibilidade de desenvolver unha síndrome de Reye.

- Mulleres embarazadas en calquera trimestre da xestación e durante o puerperio (ata 6 meses tras o parto) que non se vacinaron no embarazo.

- Persoas menores de 60 anos e maiores de 6 meses con algunha das seguintes patoloxías que presentan un maior risco de padecer complicacións derivadas da gripe, principalmente se precisan seguimento médico periódico ou fosen hospitalizadas no ano precedente:

- Enfermidades crónicas cardiovasculares, neurolóxicas ou respiratorias, incluíndo displasia broncopulmonar, fibrose quística e asma.
- Diabetes Mellitus.
- Obesidade mórbida (IMC  $\geq 40$  en adultos,  $\geq 35$  en adolescentes ou  $\geq 3$  DS na infancia).
- Enfermidade renal crónica e síndrome nefrótica.
- Hemoglobinopatías e anemias.
- Hemofilia, outros trastornos da coagulación e trastornos hemorráxicos crónicos, así como receptores de hemoderivados e transfusións múltiples.
- Asplenia ou disfunción esplénica grave.
- Enfermidade hepática crónica, incluíndo alcoholismo crónico.
- Enfermidades neuromusculares graves.
- Inmunosupresión (incluídas as inmunodeficiencias primarias e a orixinada pola infección por VIH, por fármacos – incluído o tratamento con eculizumab–, nos receptores de transplantes e déficit de complemento).
- Cancro e hemopatías malignas.
- Implante coclear ou en espera deste.
- Fístula de líquido cefalorraquídeo.
- Enfermidade celíaca.
- Enfermidade inflamatoria crónica.
- Trastornos e enfermidades que comportan disfunción cognitiva: síndrome de Down, demencias e outras.

## **2. Persoas que poden transmitir a gripe a persoas con alto risco de presentar complicacións.**

- Persoal dos centros, servizos e establecementos sanitarios, tanto de atención primaria coma hospitalaria, pública e privada, así como persoal de oficinas de farmacia. Farase

especial énfase no persoal que teña contacto continuo con pacientes dalgún dos grupos de risco anteriormente descritos.

- Persoas que traballan en institucións xeriátricas ou en centros de atención a enfermos crónicos, especialmente os que teñan contacto continuo con persoas vulnerables.
- Estudantes en prácticas en centros sanitarios.
- Persoas que proporcionen coidados domiciliarios a pacientes de risco ou maiores.
- Persoas que conviven no fogar, incluídos os menores a partir dos 6 meses de idade, con outras que pertencen a algúns dos grupos de risco, pola súa condición clínica especial.

### 3. Outras persoas nas que se recomenda a vacinación

- Traballadores en servizos públicos esenciais, destacando:
  - Forzas e corpos de seguridade do Estado.
  - Bombeiros.
  - Servizos de protección civil.
  - Persoal que traballa nos servizos de emerxencias sanitarias.
  - Persoal de institucións penitenciarias e outros centros de internamento xudicial (incluídos centros de acollida de inmigrantes).
- Persoas con exposición laboral directa a aves domésticas ou a porcos en granxas ou explotacións avícolas ou porcinas e tamén a aves silvestres. A finalidade é reducir a oportunidade dunha infección concomitante de virus humano e aviario ou porcino, diminuindo a posibilidade de recombinación ou intercambio xenético entre ambos os virus.

## 4. AVALIACIÓN DA CAMPAÑA SEGUNDO OS OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PROPOSTOS. COBERTURAS

O número total de **doses de vacina antigripal administradas** na poboación galega ascendeu a 843.469 (doses rexistradas) o que supón 237.937 doses máis que na campaña pasada, o que representa un **28,21 %** máis de doses administradas que na tempada do 2019.

Para o cálculo da cobertura da poboación e por área sanitaria, utilizáronse como denominador os datos do padrón de 2020, facilitados polo Instituto Galego de Estatística (IGE), consultando a poboación total por grupos de idade.

Na táboa 1 recóllense os obxectivos para conseguir en cada un dos grupos poboacionais, así como as coberturas acadadas por cada un destes grupos e a súa comparación co ano anterior.

**Táboa 1.** Coberturas vacinais fronte á gripe. Comparativas campañas 2019-2020.

Grupos poboacionais obxectivo da campaña	Coberturas campaña 2020		Coberturas campaña 2019
	Obxectivo instrución	% acadada	% acadada
Poboación de 65 ou máis anos	≥ 75 %	71,66	60,42
Traballadores sanitarios do Sergas	≥ 75 %	74,6	50,93
Embarazadas	≥ 60 %	68,25	65,04

#### 4.1 Vacinación en persoas de 65 ou máis anos


<b>Obxectivo: ≥ 75 %</b>
Porcentaxe acadada: <b>71,66 %</b>

O número de doses de vacina antigripal administradas nas persoas de 65 ou máis anos ascendeu a **492.889**, co que se acadou unha cobertura do 71,66 %. Isto supón un 11,24 % máis que na campaña do ano 2019, o que se traduce en **82.130** doses máis.

Aínda que non se consegue o obxectivo establecido do 75% neste colectivo, houbo un considerable aumento con respecto á campaña pasada e consolídase a tendencia crecente dos últimos anos, segundo se observa na gráfica 1.



**Gráfica 1.** Evolución da cobertura de vacinación antigripal en persoas de 65 ou máis anos en Galicia (%), no período 2001-2020



#### 4.1.1 Por subgrupos de idade

Para a análise das coberturas de vacinación nas persoas de 65 ou máis anos de idade, subdividiu-se a poboación en 3 grupos de idade (65-69, 70-74 e 75 ou máis anos). Os resultados pódense ver na táboa 2 e na gráfica 2.


**Táboa 2.** Número de vacinas antigripais rexistradas e coberturas acadadas por subgrupos de idade.

Subgrupo de idade	Total de vacinados	
	Rexistradas	Cobertura (%)
<b>65-69 anos</b>	105.400	64,36
<b>70-74 anos</b>	113.575	71,30
<b>75 ou máis</b>	273.914	75,09

O subgrupo de **persoas de 75 ou máis anos** acadou, ao igual que en anos anteriores, a cobertura máis elevada, o 75,09%, superando o obxectivo establecido e incrementándose a cifra en máis de 7 puntos con respecto á campaña anterior (67,33%).

No grupo de **70-74 anos** a cobertura foi do 71,30% (58,73 % no 2019) e no grupo de 65-69 anos apreciase un notable aumento da cobertura vacinal, que pasa de 46,96 % en 2019 ao 64,36% en 2020.

**Gráfica 2.** Cobertura de vacunación antigripal en persoas de 65 ou máis anos, por subgrupos de idade. Comparativa campañas 2018-2020



#### 4.1.2 Por provincias

As coberturas máis elevadas en persoas de **65 ou máis anos** corresponden ás provincias do interior, acadándose o 76,45% en Lugo e o 75,90% en Ourense. Non obstante, obsérvase un notable incremento da cobertura en todas as provincias e grupos de idade.


**Táboa 3.** Número de vacinas rexistradas e coberturas acadadas por subgrupos de idade e provincia.

	Grupos de idade							
	65-69		70-74		≥75		Total en ≥65	
	Rex.	Cobertura (%)	Rex.	Cobertura (%)	Rex.	Cobertura (%)	Rex.	Cobertura (%)
<b>A Coruña</b>	43.816	64,49	47.069	71,16	107.783	74,26	198.668	<b>71,15</b>
<b>Lugo</b>	14.451	69,20	15.086	76,78	44.027	79,06	73.564	<b>76,45</b>
<b>Ourense</b>	13.674	66,89	15.576	74,91	44.130	79,59	73.380	<b>75,90</b>
<b>Pontevedra</b>	33.417	61,33	35.820	67,96	77.916	71,81	147.153	<b>68,22</b>
<b>GALICIA*</b>	105.400	64,36	113.575	71,30	273.914	75,09	492.889	<b>71,66</b>

\* Incluídas as persoas vacinadas nas que non consta a asignación á provincia.

**Gráfica 3.** Cobertura de vacunación antigripal en persoas de 65 ou máis anos, por provincias (%).

Comparativa campañas 2018-2020



#### 4.1.3 Por área sanitaria

Tal e como se amosa na táboa 4 e na gráfica 4, **Lugo e Ourense** son as áreas sanitarias nas que se acadan as porcentaxes máis elevadas, cun 76,45% e un 75,9% de poboación de 65 ou máis


anos vacinada respectivamente, seguidas da Área Sanitaria de Santiago, cun 71,88%, e da Coruña cun 70,94%.

As áreas sanitarias de Lugo e Ourense ademais de ter os mellores datos, tamén son as que presentan o maior incremento de cobertura con respecto á campaña anterior, xa que melloran en 12,17 e 11,57 puntos respectivamente. Cabe sinalar que todas as áreas sanitarias incrementaron a vacinación entre 10 e 12 puntos con respecto á campaña do ano 2019.

**Táboa 4.** Cobertura de vacinación antigripal en persoas de 65 ou máis anos (%). Comparativa campañas 2019-2020

	Cobertura (%)		Diferenza
	2019	2020	Incremento
<b>A Coruña</b>	59,99	70,94	10,95
<b>Ferrol</b>	59,20	70,25	11,05
<b>Santiago</b>	60,89	71,88	10,99
<b>Lugo</b>	64,28	76,45	12,17
<b>Ourense</b>	64,33	75,90	11,57
<b>Pontevedra</b>	58,76	69,76	11,00
<b>Vigo</b>	55,82	66,89	11,07
<b>Galicia</b>	60,42	71,66	11,24

**Gráfica 4.** Cobertura de vacinación antigripal en persoas de 65 ou máis anos por área sanitaria (%)



#### 4.2 Vacinación nas mulleres embarazadas

<b>Obxectivo: <math>\geq 60\%</math></b>
Porcentaxe acadada: 68,25%

En 2020 vacináronse 7.792 **mulleres embarazadas, grupo prioritario da campaña**, o que supón unha cobertura estimada do **68,25%**. Polo tanto, superouse o obxectivo proposto do 60 % e mellorouse, en comparación coa campaña anterior.

Para realizar o cálculo desta cobertura, utilizouse como denominador unha cifra estimada de mulleres embarazadas con base no número de nacementos do Programa de detección precoz de enfermidades endócrinas e metabólicas no período neonatal e das mulleres embarazadas susceptibles de seren vacinadas no transcurso da campaña.

#### 4.3 Vacinación dos traballadores sanitarios do Sergas. Coberturas do persoal médico e de enfermaría.

<b>Obxectivo: <math>\geq 75\%</math></b>
Porcentaxe acadada (persoal médico e de enfermaría): 74,6
Persoal médico: 77,69
Persoal de enfermaría: 72,17

A continuación amósanse en números absolutos as vacinas rexistradas no persoal sanitario do Sergas, desagregando entre atención primaria e hospitalaria na táboa 5, e tamén por áreas sanitarias na táboa 6.

**Táboa 5.** Vacinación antigripal en persoal sanitario (números absolutos)

	PERSOAL SANITARIO – 2020		
	Persoal médico <sup>1</sup>	Persoal de enfermaría <sup>2</sup>	TOTAL
<b>PRIMARIA</b>	2.674	2.242	4.916
<b>HOSPITALARIA</b>	4.770	6.563	11.333
<b>TOTAL</b>	<b>7.444</b>	<b>8.805</b>	<b>16.249</b>

<sup>1</sup> Incluídos MIR // <sup>2</sup> Incluídos EIR //


**Táboa 6.** Vacinación antigripal en persoal sanitario desagregado por áreas sanitarias (números absolutos).

		Persoal médico Sergas <sup>1</sup>	Persoal de enfermaría Sergas <sup>2</sup>	Suma
<b>AT. PRIMARIA PÚBLICOS</b>	<b>A Coruña</b>	526	365	<b>891</b>
	<b>Ferrol</b>	170	161	<b>331</b>
	<b>Lugo</b>	393	349	<b>742</b>
	<b>Ourense</b>	360	292	<b>652</b>
	<b>Pontevedra</b>	268	248	<b>516</b>
	<b>Santiago</b>	426	371	<b>797</b>
	<b>Vigo</b>	531	456	<b>987</b>
<b>HOSPITAIS PÚBLICOS</b>	<b>A Coruña</b>	967	1.486	<b>2.453</b>
	<b>Ferrol</b>	375	452	<b>827</b>
	<b>Lugo</b>	652	999	<b>1.651</b>
	<b>Ourense</b>	555	775	<b>1.330</b>
	<b>Pontevedra</b>	506	649	<b>1.155</b>
	<b>Santiago</b>	900	1.099	<b>1.999</b>
	<b>Vigo</b>	815	1.103	<b>1.918</b>
<b>Suma:</b>		<b>7.444</b>	<b>8.805</b>	<b>16.249</b>

<sup>1</sup> Incluídos MIR // <sup>2</sup> Incluídos EIR //

Tal e como se amosa na gráfica 5, a cobertura global do persoal médico e de enfermaría pasou do 50,93% en 2019 ao **74,6%** en 2020. Aínda que non supera o obxectivo establecido este ano, mellóranse en máis de 23 puntos os resultados do ano anterior. Dende o ano 2014, a cobertura destes colectivos foi aumentando, subindo do 18,27% ao 74,6% actual, o que supón un incremento de máis de 56 puntos.

**Gráfica 5.** Evolución da vacinación antigripal no persoal sanitario (persoal médico e de enfermaría) do Sergas no período 2014-2020




Estes datos amosan a consolidación dunha tendencia crecente de vacinación no persoal médico e de enfermaría. Esta evolución é moi positiva e indica un ano máis o aumento da implicación deste colectivo coa vacinación e a utilidade do labor de concienciación realizado.


Cómpre destacar a marcada diferenza nas coberturas obtidas en atención primaria, pasando dun 54% na campaña pasada ao 77,62% na actual. Do mesmo xeito, a cobertura hospitalaria pasou dun 49,62% a un 73,36%.

Para establecer os denominadores empregouse a media de profesionais con vínculos activos no Sergas no período 01/10/2020 – 31/01/2021.

**Gráfica 6.** Evolución das coberturas globais de vacunación antigripal (persoal médico e de enfermaría do Sergas) en atención primaria e atención hospitalaria, período 2014-2020




**Gráfica 7.** Evolución das coberturas de vacunación antigripal no persoal médico e de enfermaría do Sergas en **atención primaria** segundo a categoría profesional, período 2014-2020





**Gráfica 8.** Evolución das coberturas de vacinación antigripal no persoal médico e de enfermaría nos **hospitais** do Sergas segundo a categoría profesional, período 2014-2020.




Se temos en conta a categoría profesional, o persoal médico de atención primaria é o máis concienciado coa vacinación, xa que presenta unha cobertura do 79,58% fronte a un 76,67% en atención hospitalaria. O persoal de enfermaría de atención primaria acadou unha cobertura do 75,41% fronte ao 71,13% do persoal de enfermería de atención hospitalaria.

En calquera dos casos, tanto no persoal médico como de enfermaría, independentemente de que sexan de atención primaria ou hospitalaria, en números absolutos a tendencia de vacinación é, crecente, Vacináronse 2.209 profesionais médicos e 3.459 profesionais de enfermaría máis que o ano pasado, indicando unha vez máis o éxito dos esforzos que se fan para a concienciación do persoal sanitario.


Tamén se ofrecen datos por área sanitaria e categoría profesional. Na atención primaria é Área Sanitaria da Coruña a que, un ano máis, presenta no colectivo de persoal médico e de enfermaría as coberturas máis altas, cun 79,65%, seguido de Vigo, cun 78,08%. Estes datos atópanse na gráfica 9.

**Gráfica 9.** Coberturas de vacunación antigripal global do persoal médico e de enfermaría do Sergas en atención primaria, por área sanitaria



En atención hospitalaria, as mellores coberturas globais do persoal médico e de enfermaría son as das áreas sanitaria da Coruña e Ferrol cun 78,37% e un 77,7%, respectivamente. A Área Sanitaria de Lugo pasa dun 52,84% de cobertura en 2019 a un 76,73% en 2020, converténdose na terceira área sanitaria con mellor cobertura en atención hospitalaria. A Área Sanitaria de Ourense é a que máis incrementa a súa vacunación (máis de 27 puntos), pasando dun 38,43% en 2019 a un 66,41% en 2020. Podemos atopar as coberturas no persoal médico e de enfermaría de atención hospitalaria das distintas áreas sanitarias na gráfica 10.

**Gráfica 10.** Coberturas de vacunación antigripal global do persoal médico e de enfermaría nos **hospitais** do Sergas, por área sanitaria.




Por categoría profesional, cabe destacar que o persoal médico de atención primaria do Sergas consegue as coberturas máis elevadas nas áreas sanitarias da Coruña, cun 82,06%, e de Ferrol, cun 81,34%, dándose os maiores incrementos na vacunación con respecto ao ano pasado nas áreas de Lugo e Vigo, cun aumento de máis de 26 puntos en ambas.

En canto ao persoal de enfermaría de atención primaria destaca a Área Sanitaria de Pontevedra, onde se vacinou un 78,48% deste colectivo. Nas áreas sanitarias de Ourense e Pontevedra rexistráronse os maiores incrementos na vacunación con respecto ao ano pasado, cun aumento de máis de 27 puntos en ambas.

Na gráfica 11 e na táboa 7 amósanse as coberturas de vacunación antigripal en atención primaria por categoría profesional.

**Gráfica 11.** Coberturas de vacunación antigripal en atención primaria, por categoría profesional e por área sanitaria.



**Táboa 7.** Cobertura de vacunación no persoal médico e de enfermería de atención primaria do Sergas, por área sanitaria.

	Persoal médico vacunado	Total persoal médico	Cobertura persoal médico (%)	Persoal enfermería vacunado	Total persoal enfermería	Cobertura persoal enfermería (%)	Cobertura persoal médico e de enfermería (%)
<b>Coruña</b>	526	641	82,06	365	477	76,52	79,65
<b>Ferrol</b>	170	209	81,34	161	218	73,85	77,38
<b>Santiago</b>	426	563	75,67	371	489	75,87	75,8
<b>Lugo</b>	393	490	80,20	349	465	75,05	77,66
<b>Ourense</b>	360	445	80,90	292	406	71,92	76,55
<b>Pontevedra</b>	268	348	77,01	248	316	78,48	77,68
<b>Vigo</b>	531	663	63,76	456	601	75,87	78,08
<b>Total</b>	2.674	3.359	<b>79,61</b>	2.242	2.972	<b>75,44</b>	<b>77,62</b>


Na atención hospitalaria o persoal médico que mellores resultados ofrece é o da Área Sanitaria de Ferrol cun 82,6%, seguido do de Lugo, cun 80,49%. Todas as áreas sanitarias melloran os seus resultados, pero cómpre destacar a mellora no persoal médico da

Área Sanitaria de Ferrol, que aumenta en case 30 puntos as coberturas neste colectivo, pasando dun 52,62% a un 82,6% en 2020.

O persoal de enfermaría de atención hospitalaria tamén mellora as coberturas con respecto á campaña anterior en toda as áreas sanitarias. Destaca A Coruña cunha cobertura vacinal de 78,01%, seguida de Lugo, cun 74,44%. A Área Sanitaria de Ourense mostra o maior aumento con respecto ás coberturas acadadas neste colectivo na campaña pasada, pasando dun 30,6% a un 61,56% (30,96 puntos).

Na gráfica 12 e na táboa 8 figuran os datos do persoal médico e de enfermaría vacunado nos hospitais do Sergas.

**Gráfica 12.** Coberturas de vacinación antigripal en hospitais do Sergas, por categoría profesional e por área sanitaria.



**Táboa 8.** Cobertura de vacinación no persoal médico e de enfermaría de Atención Hospitalaria do Sergas

	Persoal médico vacinado	Total persoal médico	Cobertura persoal médico (%)	Persoal enfermaría vacinado	Total persoal enfermaría	Cobertura persoal enfermaría (%)	Cobertura persoal médico e de enfermaría (%)
<b>A Coruña</b>	967	1225	78,94	1486	1905	78,01	78,37
<b>Ferrol</b>	375	454	82,60	452	610	74,10	77,7
<b>Santiago</b>	900	1238	72,70	1.099	1528	71,92	72,27
<b>Lugo</b>	652	810	80,49	999	1342	74,44	76,73
<b>Ourense</b>	555	743	74,70	775	1259	61,56	66,41
<b>Pontevedra</b>	506	663	76,32	649	990	65,56	69,88
<b>Vigo</b>	815	1088	74,91	1103	1593	69,24	71,54
<b>Total</b>	4.770	6.221	<b>76,68</b>	6.563	9.227	<b>71,13</b>	<b>73,36</b>

## 5. RENUNCIAS

No desenvolvemento da campaña ofertóuselles a vacina antigripal ás persoas pertencentes á poboación diana. Segundo consta no rexistro do Programa galego de vacinación, rexeitárona 19.510 persoas, que en valores absolutos supón un total de 7.274 renuncias menos que o ano pasado. Do conxunto de renuncias, 17.899 tiñan 65 ou máis anos, o que supón o 2,60%, que a tiñan indicada pola súa idade.


Para o cálculo de renuncias por área sanitaria, empregáronse os datos do padrón por municipios de 2020. Na Área Sanitaria de Ferrol é onde se rexistran menos renuncias (1,92%), a diferenza do acontecido o ano pasado, xa que fora a Área Sanitaria da Coruña onde se rexistraran menos renuncias (1,69%). As cifras máis elevadas rexistráronse na Área Sanitaria de Pontevedra (3,8%).

**Táboa 9.** Poboación de 65 ou máis anos e renuncias neste grupo por área sanitaria

Área sanitaria	Poboación de 65 ou máis anos	Renuncias por área sanitaria	% de renuncias por área sanitaria
A Coruña	135.959	2.928	2,15 %
Santiago	110.458	2.180	1,97 %
Ferrol	52.062	998	1,92 %
Lugo	96.219	2.764	2,87 %
Ourense	96.681	2.490	2,58 %
Pontevedra	69.645	2.645	3,8 %
Vigo	126.800	3.891	3,07 %

Se comparamos os datos entre as 2 últimas campañas (gráfica 13), podemos comprobar que diminuíu considerablemente a porcentaxe de renuncias en practicamente todas as áreas sanitarias. Destaca especialmente a Área Sanitaria de Vigo coa redución de 2,43 puntos respecto ao ano pasado. Obsérvanse un aumento de 0,46 puntos na Área Sanitaria da Coruña e de 0,09 na Área Sanitaria de Lugo con respecto á campaña 2019.

**Gráfica 13.** Número de renuncias á vacinación antigripal en persoas de 65 ou máis anos, por área sanitaria (%). Comparativa campañas 2019-2020



## 6. AVALIACIÓN DOS OBXECTIVOS DE XESTIÓN

As doses adquiridas para a campaña antigripal de 2020 foron 651.180 nas cales se inclúen dúas compras extraordinarias por mor da pandemia. A maiores, o Ministerio de Sanidade achegou 354.683 doses máis, resultando un total de 1.005.863 doses dispoñibles para a campaña. Na táboa 10 amósase o número de doses de vacina antigripal dispoñibles.

**Táboa 10.** Número de doses de vacina antigripal dispoñibles para a campaña 2020

	Adquisición Sanofi	Adquisición Sequirus	Dosis Ministerio	Total
N.º de doses	187.680 + 10.000 (extraordinaria)	433.500 + 20.000 (extraordinaria)	354.683	1005863



6.1 Obxectivo: conseguir que a porcentaxe de doses recollidas ao remate da campaña sexa menor dun 5 % das doses subministradas aos centros.

<b>Obxectivo: &lt; 5 %</b>
Porcentaxe acadada: 7,24 %

**A porcentaxe global de doses recollidas** en toda a comunidade foi do **7,24 %**, polo que non se acadou o obxectivo, a diferenza do que ocorreu na campaña de 2019.

**Táboa 11.** Vacinas antigripais subministradas e recollidas, por provincias (%). Comparativa campañas 2019-2020

	Subministradas	Recollidas	Recollidas / subministradas (%)		
			2020	2019	Diferenza 2020 – 2019
<b>A Coruña</b>	415.651	34.951	8,41	2,54	5,87
<b>Lugo</b>	132.156	9.812	7,42	3,48	3,94
<b>Ourense</b>	116.139	4.109	3,54	2,61	0,93
<b>Pontevedra</b>	295.303	20.590	6,97	3,04	3,93
<b>Total</b>	<b>959.249</b>	<b>69.462</b>	<b>7,24</b>	<b>2,84</b>	<b>4,40</b>

Soamente en Ourense se acada o obxectivo establecido cun 3.54 %, aínda que empeora respecto ao 2019. No resto das provincias non se cumpre co obxectivo xa que se acadan cifras superiores ao 5 %.

Por tipo de vacina, cabe resaltar que a vacina Flucelvax® foi a que máis se recolleu, cunha porcentaxe moi superior ao resto de vacinas empregadas,

**Táboa 12.** Doses recollidas por tipo de vacina e provincia

	Subministradas					Recollidas					Recollidas/subministradas (%)				
	Lab Seqirus		Lab Sanofi		Lab Mylan	Lab Seqirus		Lab Sanofi		Lab Mylan	Lab Seqirus		Lab Sanofi		Lab Mylan
	Flucelvax®	Chiromas®	Vaxigrip tetra®	Fluzone HD®	Influvac Tetra®	Flucelvax®	Chiromas®	Vaxigrip tetra®	Fluzone HD®	Influvac Tetra®	Flucelvax®	Chiromas®	Vaxigrip tetra®	Fluzone HD®	Influvac Tetra®
<b>A Coruña</b>	8.460	231.360	99.939	6.040	69.306	4.549	22.316	1.552	230	6.304	<b>53,77</b>	<b>9,65</b>	<b>1,55</b>	<b>3,81</b>	<b>9,10</b>
<b>Lugo</b>	810	79.085	38.687	3.810	9.744	511	6.753	1.203	307	1.038	<b>63,09</b>	<b>8,54</b>	<b>3,11</b>	<b>8,06</b>	<b>10,65</b>
<b>Ourense</b>	1.340	75.230	23.571	3.580	12.200	1.326	4.828	269	153	8.566	<b>98,96</b>	<b>6,42</b>	<b>1,14</b>	<b>4,27</b>	<b>70,21</b>
<b>Pontevedra</b>	5.450	171.269	80.352	4.860	33.097	2.445	27.981	1.880	616	21.954	<b>44,86</b>	<b>16,34</b>	<b>2,34</b>	<b>12,67</b>	<b>66,33</b>
<b>Total</b>	16.060	556.944	242.549	18.290	124.347	8.831	61.878	4.904	1.306	37.862	<b>54,99</b>	<b>11,11</b>	<b>2,02</b>	<b>7,14</b>	<b>30,45</b>

6.2 Obxectivo: conseguir que a relación entre as doses rexistradas e as utilizadas sexa maior do 97 %

<b>Obxectivo: &gt; 97 %</b>
Porcentaxe acadada: 94,73 %

A relación de vacinas rexistradas e as utilizadas, entendendo estas como a diferenza entre as doses subministradas e as sobrantes nos centros, sitúase nun **94,73 %** no conxunto de Galicia, non conseguindo o obxectivo fixado do 97 %. Ao estudar os datos por provincias, amósase unha lixeira mellora con respecto ao 2019 nas provincias de Lugo e Pontevedra. Ademais, en Lugo acadouse un 97,11%, cumprindo co obxectivo establecido. A porcentaxe en Ourense tamén superou o obxectivo, cun 97,14%; non obstante a porcentaxe foi menor con respecto á campaña pasada. O número de doses que, polo tanto, se entende que foron administradas pero non rexistradas é de 46.895. Isto supón que nestas persoas non consta a vacinación na súa historia clínica, co que se incumpriu ademais o requirimento do Programa galego de vacinación de rexistrar todas as doses que se subministran. Este aspecto é un dos máis críticos da campaña, existindo unha marxe de mellora para ter en conta nas seguintes campañas.

**Táboa 13.** Porcentaxe de doses rexistradas sobre o total de vacinas antigripais utilizadas, por provincias.

	Vacinas utilizadas	Vacinas rexistradas	Diferenza doses utilizadas - rexistradas	2019	Rexistradas / Utilizadas (%)	
					2020	Diferenza 2020 – 2019
<b>A Coruña</b>	380.700	359.168	<b>21.532</b>	95,04	<b>94,34</b>	<b>-0,70</b>
<b>Lugo</b>	122.344	118.819	<b>3.525</b>	93,92	<b>97,11</b>	<b>3,19</b>
<b>Ourense</b>	112.030	108.825	<b>3.205</b>	97,37	<b>97,14</b>	<b>-0,23</b>
<b>Pontevedra</b>	274.713	256.080	<b>18.633</b>	92,39	<b>93,22</b>	<b>0,83</b>
<b>Total</b>	889.787	842.892	<b>46.895</b>	<b>95,64</b>	<b>94,73</b>	<b>-0,91</b>

## 7. CONCLUSIÓNS

1. Na poboación de 65 anos ou máis anos, a cobertura vacinal foi do 71,66% (492.889 doses). Aínda que non se conseguiu o obxectivo marcado ( $\geq 75\%$ ), superouse nun 11,24% a cobertura de 2019, o que se traduce en 82.130 doses máis, e afiánzase a tendencia crecente dos últimos anos. De novo, dentro de este grupo, o subgrupo de entre 65 e 69 anos é o que menos se vacina, cunha cobertura de 64,36%, aínda que esta porcentaxe supera en máis de 17 puntos a de 2019 (46,96%).
2. A cobertura máis elevada acadouse na poboación de 75 ou máis anos, ao igual que nas campañas previas, cun 75,09% (273.914 persoas vacunadas), superando o obxectivo establecido e aumentando en máis de 7 puntos as coberturas acadadas na campaña anterior.
3. Lugo e Ourense mantéñense como as áreas sanitarias coas mellores coberturas na poboación de 65 ou máis anos, cun 76,45% e cun 75,9%, respectivamente.
4. Logrouse unha importante mellora na cobertura das mulleres embarazadas, sobrepasando cunha ampla marxe o obxectivo fixado ( $\geq 60\%$ ) ao alcanzar neste colectivo unha cobertura do 68,25%. Ademais, superouse en máis de 3 puntos a cobertura acadada no 2019.
5. No conxunto do persoal médico e de enfermaría do Sergas acadouse unha cobertura do 74,6%, moi preto do obxectivo establecido ( $\geq 75\%$ ), superándose en máis de 23 puntos a porcentaxe acadada na campaña 2019 (50,93%) e consolidándose a tendencia crecente dos últimos anos. Por colectivos profesionais, a cobertura de vacinación foi do 77,69% no persoal médico (que supera o obxectivo establecido do  $\geq 75\%$ ) e do 72,17% no persoal de enfermaría.
6. Aínda que se reduce notablemente, seguen a existir algunhas diferenzas nos resultados obtidos en atención primaria (77,62%), e en atención hospitalaria (73,36%). A cobertura do persoal médico foi do 79,58% en atención primaria e do 76,67% en atención hospitalaria; son porcentaxes excelentes, por encima do obxectivo en ambas. No persoal de enfermaría, a cobertura foi do 75,41% en atención primaria e do 71,13% en atención hospitalaria.
7. A Coruña e Vigo son as áreas sanitarias onde se rexistraron as coberturas de vacinación máis elevadas no persoal médico e de enfermaría do Sergas en atención primaria, cun 79,65% e cun 78,08%, respectivamente. En atención hospitalaria, as mellores coberturas globais do persoal médico e de enfermaría foron as das áreas Sanitarias da Coruña e Ferrol cun 78,37%, e cun 77,7%, respectivamente.

8. Por categoría profesional, o persoal médico de atención primaria do Sergas consegue as coberturas máis elevada nas áreas sanitarias da Coruña cun 82,06%, e de Ferrol cun 81,34%, e danse os maiores incrementos na vacinación con respecto ao ano pasado nas áreas de Lugo e Vigo, cun aumento de máis de 26 puntos en ambas. A cobertura máis elevada no persoal de enfermaría de atención primaria rexistrouse na Área sanitaria de Pontevedra, cun 78,48%.
9. Todas as áreas sanitarias melloran os seus resultados en atención hospitalaria. O persoal médico de atención hospitalaria que mellores resultados ofrece é o da Área Sanitaria de Ferrol cun 82,6%, seguido do de Lugo, cun 80,49%. No persoal de enfermaría de atención hospitalaria, destaca A Coruña, cunha cobertura vacinal de 78,01%, e Lugo, cun 74,44%.
10. O número de renuncias á vacinación antigripal volve diminuír ao igual que na pasada campaña. Este feito é homoxéneo en case todas as áreas sanitarias, agás nas áreas sanitarias da Coruña e Lugo, observándose lixeiros aumentos con respecto á campaña 2019 de 0,46 e 0,09 puntos, respectivamente. As áreas sanitarias de Ferrol e Santiago son as que rexistran unha menor porcentaxe de renuncias en persoas de 65 ou máis anos, cun 1,92% e 1,97 %, respectivamente.
11. En canto aos obxectivos de xestión, a porcentaxe global de doses recollidas en toda a comunidade incrementouse notablemente con respecto á campaña 2019, pasando dun 2,84% a un 7,24 %, polo que non se acadou o obxectivo (< 5%), a diferenza do acontecido na campaña de 2019. Isto vese influído por unha campaña marcada pola convivencia coa pandemia pola COVID-19, o que disparou claramente a demanda de vacinas en determinados momentos da campaña, sendo moi complicada a xestión das doses vacinais nos puntos de vacinación.
12. En canto ao outro obxectivo de xestión, cómpre destacar unha lixeira mellora na relación entre as doses rexistradas e as utilizadas con respecto á campaña 2019, cunha porcentaxe de 94,73% no conxunto de Galicia. Aínda así, non se acadou o obxectivo establecido (> 97%) e o número de doses que, polo tanto, se entende que foron administradas pero non rexistradas é de 46.895. Este aspecto é un dos máis críticos da campaña, existindo unha ampla marxe de mellora.

13. En canto ao reforzo da cobertura de vacinación dentro do Programa de promoción da vacinación antigripal do Sergas, dirixido á poboación de 65 a 74 anos non vacinada previamente e sen cita para facelo, fixéronse 10.020 chamadas telefónicas, das que posteriormente acudiron 1.284 (12,8%) aos puntos para vacinarse.

## 8. ANEXOS

### **ANEXO I: PROGRAMA DE PROMOCIÓN DA VACINACIÓN ANTIGRIPIAL 2020 (PVGRI)**

Este ano 2020, continuouse co Programa de promoción da vacina antigripal que fai promoción activa da vacinación entre os pacientes de 65 a 74 anos, a través dos profesionais de enfermaría de atención primaria.

Este ano enviáronse SMS ás tres semanas do comezo da campaña á poboación de entre 65 e 74 anos que non se vacinara nin tiña cita para facelo. Ademais, a enfermaría de atención primaria, comezou o día 10 de decembro a contactar telefonicamente con aquelas persoas sen vacinar e susceptibles de facelo. O persoal de enfermaría de atención primaria recibiu, de forma automatizada, na Historia clínica electrónica de Galicia (IANUS), unha listaxe denominada "Promoción vacina gripe". Os meus pacientes pendentes de 65 a 74", que se actualizaba semanalmente, de forma automatizada, cos pacientes de entre 65 e 74 anos que non tiñan rexistrada a vacinación antigripal nin cita para vacinarse.

A continuación, citouse na axenda, co acto denominado "PVGRI", un número predeterminado de pacientes para consulta telefónica de entre os da lista recibida. Máis tarde, este persoal informou a través da consulta telefónica acerca da importancia de vacinarse e os riscos que supoñía non facelo. Ofreceuse a posibilidade de acudir a vacinarse e, se aceptaban, facilitábase unha cita presencial. Posteriormente, na data acordada, procedíase á vacinación e ao seu rexistro.



**N.º e porcentaxe de vacinas GRI sobre chamadas do programa PVGRI en pacientes de 65 a 74 anos**

EOXI	Chamadas PVGRI	Nº de vacinas PVGRI/GRI sobre chamadas PVGRI	Porcentaxe de vacinas PVGRI/GRI sobre chamadas PVGRI
A CORUÑA	1.563	143	9,1%
FERROL	320	145	45%
LUGO	2.058	281	14%
OURENSE	2.011	201	10%
PONTEVEDRA	1.694	225	13%
SANTIAGO	620	84	14%
VIGO	1.754	205	12%
<b>TOTAL</b>	<b>10.020</b>	<b>1.284</b>	<b>12,8%</b>



**Comparativa 2017/2020 da porcentaxe de vacinas GRI sobre chamadas do programa PVGRI en pacientes de 65 a 74 anos**

EOXI	Porcentaxe de vacinas PVGRI/GRI sobre chamadas PVGRI 2017 (65-74 anos)	Porcentaxe de vacinas PVGRI/GRI sobre chamadas PVGRI9 2018 (65-74 anos)	Porcentaxe de vacinas PVGRI/GRI sobre chamadas PVGRI 2019 (65-74 anos)	Porcentaxe de vacinas PVGRI/GRI sobre chamadas PVGRI 2020 (65-74 anos)
A CORUÑA	15,66%	14,46%	5,9%	9,1%
FERROL	14,87%	15,92%	18,6%	45%
LUGO	14,32%	12,71%	10%	14%
OURENSE	15,16%	15,81%	10%	10%
PONTEVEDRA	15,12%	18,23%	8,3%	13%
SANTIAGO	16,61%	20,05%	9,1%	14%
VIGO	13,60%	14,93%	7,7%	12%
<b>TOTAL</b>	<b>14,79% (35.445 chamadas)</b>	<b>15,55% (23.565 chamadas)</b>	<b>9,03% (11.544 chamadas)</b>	<b>12,8% (10.020 chamadas)</b>




## ANEXO II: CARACTERÍSTICAS DA TEMPADA DE GRIPE 2020/21

A actividade gripal vixíase mediante diferentes sistemas de vixilancia:

- A ratio calculada entre os rexistros de gripe semanais efectuados polos médicos de atención primaria e os médicos que as rexistraron. O limiar desta ratio que marca o inicio da onda e 1'6. Esta ratio axuda a coñecer o momento de inicio da onda e a súa intensidade, e a facer a predición do seu cumio.
- O sistema de vixilancia microbiolóxica (no que participaron 4 hospitais: CHUAC, CHOU, CHOP e CHUVI e HULA) permite coñecer o virus gripal que predomina en cada tempada.
- O sistema de vixilancia de ingresos con gripe confirmada axuda a coñecer a gravidade (en termos de ingreso hospitalario, ingreso en UCI e letalidade), o impacto sobre o sistema sanitario e a identificar as características epidemiolóxicas das formas graves da enfermidade.

A tempada empezou na semana 40/2020 e, no momento da elaboración deste resumo, está aínda vixente (semana epidemiolóxica 15/2021).

A excepcionalidade desta tempada, que coincidiu coa pandemia polo SARS-CoV-2, non modificou a sistemática de vixilancia que seguiu mantendo activos estes tres sistemas de vixilancia. O que si se viu alterada foi a propia evolución da onda, que nesta tempada non se observou, tal e como recolle a figura 1, na cal se compara a tempada actual coas tempadas previas, a ratio entre o número de consultas recibidas dende atención primaria e o número de médicos que as rexistraron.



No que se refire ao sistema de vixilancia microbiolóxica, en toda a tempada, detectouse soamente unha mostra positiva, na semana epidemiolóxica 13/2021, que foi un virus da gripe B, dun total de 6.301 mostras analizadas no que vai de tempada.

O sistema de vixilancia de ingresos con gripe confirmada non declarou ningún caso de gripe confirmado en toda a tempada.

En todo caso, tanto dende o ECDC como dende a OMS, destácase a importancia de ter presente que a pandemia pode ser responsable dunha disrupción na busca e prestación de atención médica nos casos de gripe, así como na capacidade de realización de probas, o que fai necesario interpretar con cautela a información referida a esta tempada, especialmente en termos de patróns estacionais.

En resumo, tempada absolutamente excepcional, sen evidencia de difusión do virus da gripe na comunidade, cunha actividade gripal en niveis basais.

